

O Día de Rosalía na Coruña



#SementadePensamentos

NUVIA PRIETO



Arriba
todas, rapaciñas do lugar,
que o sol
i a aurora xa vos vén a despertar!
¡Arriba!
¡Arriba, toleirona mocidad,
que atruxaremos-cantaremos o ala... Lá...!!!

Non che digo nada...

Pero ¡vaia!

*Pasan naquesta vida
cousiñas tan estrañas,
tan raros feitos vense
neste mundo de trampa;
tantos milagres vellos,
tan novas insinanzas,
e tan revoltos allos
con noes de ensaladas,
que non che digo nada...
Pero ¡vaia!*

*Meniña ben vestida,
meniña ben calzada,
quen ten roupa de cote,
quen ten roupa de garda;
meniña que ben folga,
meniña que anda maja,
i é probe, malpecado,
como unha triste araña,
non che digo nada...
Pero ¡vaia!*

*E ti, rapás garrido,
de tan melosas falas,
tan majo de monteira,
tan rico de polainas,
tan fino de calzado
como de mans fidalgas,
cando me dis que gustas
de traballar na braña,
non che digo nada...
Pero ¡vaia!*

(...)



*Xa sendo noite escura
dinche que é noite crara;
xa estando o mar sereno
ce din que fai borrasca;
e tanto te confunden
e tanto te acobardan,
que anque falar quixeras
tal coma Dios che manda,
non che digo nada...
Pero ¡vaia!*

**Miña Santiña,
Miña Santasa,
Miña cariña
De calabasa.**

*Ei d' emprestarbos
Os meus pendentes,
Ei d' emprestarbos
Ó meu collar;
Ei d' emprestarcho,
Cara bonita,
Si me deprendes
A puntear.*

—Costureiriña
Comprimenteira
Sacha no campo,
Malla na eira,
Lava no rio,
Vay apañar
Toxiños secos
Antr' ó pinar.
Asi á meniña
Traballadora
Os punteados
Deprende ora.

—Miña santiña,
Mal me quixere
Quen m' aconsella
Que tal fixere.
Mans de señora,
Mans fidalgueiras
Teñen todiñas
As costureiras ;
Boca de reina
Corpo de dama,
Comprell' á seda,
Foxen d' a lana.

(...)




—Costureiriña
D' o carballal,
Colle unha agulla
Colle un dedal,
Cose os buratos
D' ese teu cós,
Qu' andar rachada
Non manda Dios.
Cose, meniña,
Tantos furados
Y ora non penses
Nos punteados.

—Miña Santasa,
Miña Santiña,
Nin teño agulla,
Nin teño liña,
Nin dedal teño,
Qu' á ló na feira
Rouboumo un majo
Da faltriqueira,
Decindo : «As perdas
D' os descoidados
Fan ó lotiño
D' os apañados.»
(...)

—¡Ay da meniñá!
¡Ay da que chora!
¡Ay porque quere
Ser bailadora!
(...)

—Costureiriña,
N' ei de ser, n' ei,
Quen che deprenda
Tan mala ley.


—¡Ai que Santasa!
¡Ai que Santona!
Ollos de meiga,
Cara de mona,
Por n' ei de porche
Os meus pendentes,
Por n' ei de porche
O meu collar,
Xa que non queres,
Xa que non sabes
Aprenderme
A puntear.



*Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.
Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.
Si cantan, es ti que cantas,
si choran, es ti que choras,
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.
En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.*

Gravado da colección Ricardo Martínez Longueira. 1865

Negra Sombra en Follas Novas, 1881



A Co__ñ__ estaba fermosísima. Uuha tem_e_atura de pr_mavera e un sol brilla_te. Estaba por quedar-me xa nela. Se en_ompostela me fose mal, aló me iba, po_s xa tiña un sitio moi bo, e ben amueblado, onde por tres duros ao mes _oñían-me s_rvizo, habitación e planchado.
Santiago, 16 de decembro 1861

Decides que o matrimonio
é santo e bueno. Seráio;
mais non casou San Antonio,
por máis que o mesmo demonio
tentóuno a facé-lo ensaio.

Celicios, cantos poder;
penitencias, a Dios dar;
mais santo n'houbou, a meu ver,
que dos casados quixer
ca pesada cruz a cargar.

Nin os santos padres todos,
de quen tes tantos escritos
e alabas de varios modos,
quixeron naqueles lodos
meter os seus pes benditos.

Do dereito, do rivés,
matrimonio, un dogal es;
eres tentazón do inferno;
mais casaré..., pois no
inverno
¡non ter quen lle a un quente
os pes...!



*Daquelas que cantan as pombas i as frores
todos din que teñen alma de muller.
Pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
ai!, de que a terei?*




O Garás. Valentín Mendía. circa 1880

*O mar castiga bravamente as penas,
e contra as bandas do vapor se rompen
as irritadas ondas
do Cántabro salobre.
Chilan as gaviotas
¡alá lonxe...!, ¡moi lonxe!,
na prácida ribeira solitaria
que convida ó descanso i ós amores.
De humanos seres a compauta línea
que brila ó sol adiántase e retórcese,
mais preto e lentamente as curvas sigue
do murallón antigo do Parrote.
O corazón apértase de angustia,
óiense risas, xuramentos se oien,
i as brasfemias se axuntan cos sospiros...
¿Ónde van eses homes?
Dentro dun mes, no simiterio imenso
da Habana, ou nos seus bosques,
ide ver qué foi deles...
¡No eterno olvido para sempre dormen!
¡Probes nais que os criaron,
i as que os agardan amorosas, probes!*

Pra á Habana. Follas Novas 1881





*¡l o mar, o mar, o bravo mar que ruxe
cal ruxe aquel que te arrolou na cuna,
mora onda ti, vén a bicar as pedras
dun chan de amor que con amor te garda,
i arredor teu deixa crece-las rosas!...
¡Descansa en paz, descansa en paz, ouh, Moore!
E vós que o amás, do voso honor celosos,
fillos de Albión, permanecei tranquilos.
Terra fidalga é nosa terra -tanto
cal linda Dios a quixo dar-, ben sabe
honra facer a quen merece honra,
i honrado así, cal mereceu, foi Moore.*

Tradución ao inglés:

Rosalía por
Modesto Brocos ca.1880



Rosalía por
Luis Sellier ca. 1873

